



Reclamante: [REDACTED].
Expediente. Nº **RSCTG 124/2017**.

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 30 de novembro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 4-12-17, no que indicaba que remitiu un informe á Sección de Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria sobre o proxecto de actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estado de avaliación de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael nº 2946. Emitiuse o 24 de novembro de 2017 e detalla unha serie de feitos que gardan relación con anteriores reclamacións formuladas por outra asociación.

Segundo. O 13 de decembro de 2017 esta comisión indica á reclamante que só para o caso de que exista solicitude de acceso pode admitirse a trámite o recurso ou reclamación e que debe aclarar no prazo de 10 días a información solicitada. O requirimento foi recibido pola reclamante o 18 de decembro de 2017.

Terceiro. O 5 de xaneiro dilixenciouse a falta de resposta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

Son aplicables a Lei 19/2013, do 9 de decembro, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e a lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia, órgano colexiado, a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á eventual impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Análise do expediente

O suposto recurso substitutivo en realidade non se refire ao previo exercicio do dereito de acceso á información pública, polo que non é posible admitilo a trámite.

Ademais, o 18 de decembro de 2017 solicitouse á reclamante que fixera emenda da reclamación en dez días e non fixo tal emenda.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes e fundamentos xurídicos, procede

Único: Inadmitir o recurso e declarar concluso o procedemento.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga